WIKIPEDIA

Lingua fula

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

A **lingua fula** (tamén chamada **peul**, **fulani**, **pulaar**, **fulbe**, **fulfulde**) é unha lingua de África Occidental, especialmente da África subsahariana máis próxima ao Sahel, falada pola etnia fula, que abrangue dende Senegal até o Camerún e o Sudán. É falada por unhas 10-16 millóns de persoas e ten un status de lingua oficial en Mauritania, Senegal, Malí, Guinea, Burkina Faso, Níxer, Nixeria e mais no Camerún.

Fula ***Fulfulde, Pulaar, Pular***	
Outros nomes:	fulani
Falado en:	Mauritania Senegal Gambia Guinea-Bissau Serra Leoa Guinea Malí Burkina Faso Níxer Costa do Marfil Ghana Benín Nixeria Camerún Togo Chad Sudán República Centroafricana
Rexións:	África Occidental, África Central
Total de falantes:	10-16 millóns
Familia:	Atlántico-Congo Atlántico setentrional Senegambiano Fula-Wolof **Fula** **Fula**
Estatuto oficial	
Lingua oficial de:	cooficial en Mauritania, Senegal, Malí, Guinea, Burkina

Índice

Fonoloxía

O inventario de consoantes do fula é o seguinte:

	Faso, Níxer, Nixeria e o Camerún.
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	`sw`
ISO 639-2:	`swa`
ISO 639-3:	`swa (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=swa)`
SIL:	`SWA`

	Labial	Alveolar	Palatal	Velar	Glotal
oclusiva	p, b	t, d		k, g	ʔ
implosiva	ɓ	ɗ	ʄ		
fricativa	f	s	ʝ	x	
nasal	m	n	ɲ	ŋ	
aproximante		r, l	y	w	

Nalgúns dialectos do fula non existe a serie de implosivas. Polo demais o inventario anterior é moi semellante á da lingua wolof, coa excepción de que nesa outra lingua atlántica non existe nin serie de implosivas nin a oclusiva glotal.

Xeitos de escritura

alfabeto latino

Cando se escribe úsase o alfabeto latino, con algúns caracteres adicionais para representais fonemas ou sons específicos Ɓ/ɓ, Ɗ/ɗ, Ŋ/ŋ, Ñ/ñ, Ƴ/ƴ (ex. *implosiva B, implosiva D, velar N [sons coma o grafo "nh" galego en "unha" por exemplo], palatal N, exectiva Y*). O apóstrofo (ʼ) úsase coma unha pausa glotal. En Nixeria ʼy substitúe ƴ, e no Senegal ñ úsase no canto de ɲ.

Alfabeto fula


a, **aa**, **b**, **mb**, **ɓ**, **c**, **d**, **nd**, **ɗ**, **e**, **ee**, **f**, **g**, **ng**, **h**, **i**, **ii**, **j**, **nj**, **k**, **l**, **m**, **n**, **ŋ**, **ny** (ou **ñ** ou **ɲ**), **o**, **oo**, **p**, **r**, **s**, **t**, **u**, **uu**, **w**, **y**, **ƴ**

As letras **q, x, z** só se empregan nalgúns casos en estranxeirismos. No pular da Guinea atopamos unha letra adicional: **ɠ**.

Escritura árabe

O fula tamén se escribiu no pasado con caracteres árabes ou *Ajami* pero foi antes da colonización. Nalgunhas zonas da Guinea aínda os usan.

Véxase tamén



Existe unha versión da Wikipedia en ***Lingua fula***

Bibliografía

- M. Orozco e F. Roca (2006): *El Fula i el Wòlof:Estudi comparatiu entre les gramàtiques del Fula i el Wòlof (http://www.gencat.cat/benestar/publica/pdf/06-Tripa%20el%20fula%20i%20el%20wolof.pdf)*[*Ligazón morta*], Barcelona, ISBN 84-393-7034-2.